



ROMARÍA DE SANTA MARÍA DA CABEZA



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

MATERIAL DISPONÍBLE:

- Vídeo
- Fotografías
- Gravación do himno de Santa María da Cabeza
- Letra e gravación en pentagrama do himno anterior.

DATAS DE RECOLLIDA DE DATOS: Días 9, 11 e 12 de xullo de 2022.

RECOLLEDORES: Manuel Vilar Álvarez, Xosé M. González Reboredo, Xosé M. Salgado Mosquera (vídeo) e M^a Concepción Losada Vázquez.

ITEMS NOS QUE DEBE ESTAR INDEXADO:

A) Por localización:

- Lugar: Raxó.
- Parroquia: San Simón de Ons de Cacheiras.
- Concello: Teo
- Provincia: A Coruña
- País: Galicia (España).

B) Por incipit:

“Muller bendita, nosa santiña...”

C) Informantes:

- Devotos e devotas anónimos.
- Xesús Bustelo, organista que actuou nos actos litúrxicos e dirixiu o himno de Santa María da Cabeza, obra da que é autor un membro da Congregación da Paixón.
- Pablo Sanmartín, arquiteiro do Concello de Teo.

D) Por temática e características:

- Festas.
- Romarías

CONTEXTO E DESCRICIÓN ETNOGRÁFICA

Espazo sacro-festivo.- A devoción romeira está centrada nunha capela que se ergue a carón da estrada que une o lugar de Raxó coa vía Compostela-A Estrada, distando uns sete quilómetros do núcleo urbano compostelán.

Un edificio sacro en Raxó, dedicado a santa María—Posiblemente a Virxe da Consolación que hoxe preside o retablo maior-- figura nas *Memorias* do cardeal Jerónimo del Hoyo a comezos do século XVII. No século XVIII ergueuse de novo o edificio aproveitando materiais dunha capela arruinada do veciño lugar de Montouto. Segundo se pode deducir dun texto gravado en pedra e sen data, situado sobre a entrada principal, que unha persoa devota, Gómez de Figueroa, reedificou o edificio con axuda doutros veciños. Posteriormente fixéronse diversos arranxos, pero sen cambiar a fondo a estrutura arquitectónica básica.

O templo ten planta rectangular, con aparello de cachotería e cuberta de tella. O primeiro tramo, orientado a occidente, consiste nun adro aberto e sostido por columnas na parte dianteira, seguido do templo propiamente dito, con espadana para unha campá e fronte de pedra de gran regularmente traballada, sobre a que consta que o lugar está dedicado á Virxe da Consolación e Santa María da Cabeza. A porta principal ábrese a unha escaleira descendente para salvar o desnivel entre o adro e a nave, que se diferencia da cabeceira soamente por un arco de medio punto. Na cabeceira atópase un retablo neoclásico presidido pola Virxe e con outras imaxes de pequeno tamaño, pero a santa celebrada, Santa María da Cabeza, e o seu esposo, San Cidre, ou Isidro, se representan en dúas imaxes de boa factura, pero recentes, situadas a carón do arco que separa a nave da cabeceira, a esquerda e dereita respectivamente,

No lateral esquerdo tamén se abre unha porta que permite aos fieis saír e dirixirse ao muro que pecha o templo polo Leste, lugar de especial importancia porque no espazo que o rodea, coñecido como *O Corgo*, agroma un destacado manancial, en parte retido nun depósito. Ademais, na base do muro do templo, xorde tamén una fonte arredor da que a xente devota realiza actos rituais que se describirán máis adiante.

Xunto cos lugares sacralizados, neste caso, o mesmo que na xeneralidade das romarías, é de ter en conta os espazos dedicados a actividades de carácter laico. Todos están situados arredor da estrada que comunica Raxó co resto da parroquia, ocupando os seus bordes ou terreos situados no lado contrario do templo. Nesta zona poden atoparse postos de venda de velas e exvotos, de rosquillas e outros produtos, atraccións festivas, un posto de polbeiro, que ofrece o típico *polbo á feira*, e, así mesmo, o palco onde actuarán os grupos musicais despois da misa maior, ou na verbena da noite previa á data principal da celebración.

Data(s) da romaría.- Aínda que a data oficial dedicada a Santa María da Cabeza é o 9 de setembro, aquí en Raxó elixiuse para conmemoralala a do *Domingo de Trindade*, é dicir, o domingo que segue á festividade eclesial de *Pentecoste*. Como se trata dunha festa móbil, pois depende da *Pascua*, cada ano ten data diferente. No ano 2022 cadrou o día 12 de xuño, ao que se deben engadir os días previos da novena, nos que, con misa incluída pola tardiña, acoden fieis do lugar e contorno en menor medida que o día grande.

Sobre Santa María da Cabeza.- A haxiografía desta santa está relacionada co que se considera o seu esposo, San Cidre Labrador, e, igual que sucede con moitos santos, carecemos de datos documentais coetáneos que certifiquen a súa biografía, baseándose todo o que sabemos en tradicións postas por escrito en tempos posteriores. Segundo estas tradicións San Cidre era un labrego que, no século XII, traballaba nas terras achegadas a Madrid, onde coñeceu á que acabou sendo a súa esposa, María Toribia. Ambos levaron unha vida moi devota e iso fixo que se lles atribuísen diversos portentos. Así, Cidre deixaba o traballo para rezar, arriscándose ao castigo do seu amo, pero o Señor mandou un anxo para que dirixira os bois na arada mentres el oraba. En canto a María, era exemplo de muller dedicada ao fogar e o rezo. Esta actividade e devoción influíron decisivamente na súa iconografía, ben presente nas imaxes da capela de Raxó: el acompañado dos bois arando e o anxo, e ela cun cacharro de cociña nunha man e un culler na outra.

Como sucede con outros santos, a súa santificación comezou de maneira popular, rendendo culto local ou comarcal aos que se consideran os seus restos. Pero no século XVII foi recoñecido por Roma o seu culto público e, ademais, en 1654 foron trasladados a Madrid, pasando, no século seguinte, o seu lugar de repouso definitivo á Colexiata de San Isidro da Vila e Corte de Madrid, localidade da que Cidre acabou sendo o patrón. Por outra parte, o santo foi elevado en tempos posteriores á categoría da patrón dos labregos.

Interesante resulta, para o caso que nos ocupa, aclarar a causa de que a santa sexa avogada para os males da cabeza, feito fundamental no caso de Raxó. E a explicación está en que a súa cabeza, depositada en relicario a parte, foi obxecto de especial veneración, resultando así que, por tratarse do cranio dun corpo santo, resulta lóxico que se lle atribuíse virtude para curar males desta parte do corpo.

Descrición da romaría.- Os datos para esta ficha do APOI foron recollidos os días 9, 11 e 12 de xuño (Cocha Losada, Manuel Vilar e X. M. Glez. Reboredo) do ano 2012, nas dúas primeiras datas durante a novena da tardiña e o día 12 pola mañá, durante a misa e procesión.

No día 11 celebrouse a novena e misa, presidida por un crego non natural da zona, asistido por un organista que acompañou a celebración e interpretou o himno de Santa María da Cabeza, que se repite todos os días. (ver texto, transcripción musical e interpretación noutros apartados desta ficha).

Ademais da liturxia oficial, é de destacar que en todos os días a xente presente— maioritariamente mulleres, mais tamén homes—realizan xestos rituais destinados a sandar ou evitar males que afectan á cabeza, dende os máis graves ata os menos perigosos, incluíndo en ocasións aqueles que, segundo a tradición popular galega, son debidos a un *meigallo*, ou trastorno psíquico por posesión diabólica. Nesta dimensión da romaría os tipos de actos, e ofrendas, realizados ou entregados polos devotos son os seguintes:

- a) Recoller estampas de Santa María e San Cidre, con oración no reverso, e tocalas na imaxe da santa, ás veces na do seu esposo, e persignarse co elas, así como pasalas por distintas partes da cabeza.
- b) Acudir á fonte que nace na cabeceira do templo e alí coller auga coas mans e con elas mollar partes da cabeza, ou tamén collela en recipientes para levar á casa e alí usala o propio recolledor ou un familiar enfermo.
- c) Depositar cirios e exvotos de cera en forma de cabeza, previamente comprados, e poñer os cirios acesos nos lugares indicados, ou colocar as cabezas arredor da imaxe da santa.
- d) Finalmente os devotos poder acudir á ofrenda máis sinxela, en diñeiro, depositando o donativo nos lugares indicados para iso.

As persoas devotas, ou ofrecidas, establecen relación co sagrado usando os medios citados, e asistindo á novena, misas ordinarias a celebrar ao longo do día e misa solemne, seguida de procesión, ás 13 horas o día grande. O *clímax* romeiro ten lugar ese día grande—en 2022 o día 12, segundo dixemos—. Agora a presenza de xente é moito maior, procedendo non só do lugar de Raxó, senón de toda a parroquia ou parroquias lindeiras, e tamén da cidade de Santiago de Compostela. O ambiente festivo complementase cos diversos vendedores que ofrecen os seus produtos, con atraccións festivas, cun grupo de gaitas – *Os Enxebres*, de Cacheiras--, unha coral que acompañará a misa solemne e a banda de música de Teo.

Antes da procesión realízase unha *poxa* na que adquire o dereito de levar o *ramo* quen ofrezca a cantidade máis alta. No ano 2012 foi unha familia do lugar de Covas. Normalmente as persoas que participan na *poxa* o fan para lograr a mediación da santa no caso de que algún membro da familia padeza un mal relacionado coa cabeza. O ramo consiste nunha pequena imaxe de Santa María da Cabeza rodeada dunha orla de flores. As dúas mulleres que o levaron no ano indicado desfilaron na procesión, como é habitual, nun lugar preferente, xusto detrás da imaxe da santa.

En canto á orde da procesión é o normal en Galicia, estandarte de Santa María da Cabeza, imaxes de San Cidre primeiro, e Santa María a seguir, é dicir, no lugar preferente, clero e fieis, ao que se engaden o grupo de gaitas e banda de música. O cortexo percorre a estrada que une Raxó co resto de Cacheiras, nuns trescentos metros, ata chegar a unha praza con cruceiro no medio, onde comeza o retorno.

Unha vez cumpridas as obrigas co sagrado, a xente pode participar nos aspectos laicos, propios de toda romaría, como divertirse nalgunha pequena atracción, mercar rosquillas, xantar no posto de polbo e outras viandas ou escoitar música e bailar ao son dos grupos musicais modernos que actúa no palco despois do principal acto relixioso o día 12, ou amenizan a verbena na noite previa, lugar e hora axeitado para reunir á xuventude, e tamén a algunhas persoas menos novas, pero animosas.

HIMNO DE SANTA MARÍA DA CABEZA

(retrouso)

*Muller bendita, nosa santiña,
a ti chegamos con devoción,
mira o teu pobo que está de festa
louvando a Deus o Creador.
Mira o teu pobo que está de festa
louvando a Deus o Creador.*

Labrega foches pra moita honra,
labrando as terras do teu señor,
orando sempre coa mente posta
na gloria eterna, con moito amor.

(retrouso)

Abrindo regos, sachando o millo,
na dura terra de aquel Madrid,
soubeches ver nos teus traballos
a man de Deus que estaba alí.

(retrouso)

Familia santa, muller e home,
co voso fillo chamado Illan,
soubeches ser de Deus reflexo,
coroa rexa de santidá.

(retrouso)




Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

ESTAMPAS QUE SE REPARTEN NO TEMPLO CON MOTIVO DA ROMARÍA DE SANTA MARÍA DA CABEZA



Concede paz y serenidad a nuestro espíritu, sana las heridas de nuestro corazón, purifica y limpia nuestra relación con los demás, para que también nosotros seamos portadores de la ternura de Jesucristo para con todos los que sufren.

Señor Dios, grandeza de los humildes, Tú has querido hacer brillar a santa María de la cabeza por su caridad y paciencia. Concédenos, por su intercesión y sus méritos, que llevando día a día nuestra cruz, podamos crecer siempre en amor hacia ti. Por Jesucristo nuestro Señor.

Santa María da Cabeza
Anverso

Reverso



San Isidro labrador (patrón de los campesinos) nació en Madrid en torno al año 1080 y murió en el año 1130. Se casó con Santa María de la Cabeza. Tuvieron un hijo llamado Illán.

ORACIÓN A SAN ISIDRO

Glorioso San Isidro,
tu vida fue un ejemplo de humildad y sencillez,
de trabajo y oración;
enséñanos a compartir el pan de cada día
con nuestros hermanos los hombres,
que el trabajo de nuestras manos
humanice nuestro mundo
y sea, al mismo tiempo,
plegaria de alabanza al nombre de Dios.
Como tú, queremos acudir confiadamente
a la bondad de Dios
y ver su mano providente en nuestras vidas.
Te lo pedimos por Jesucristo nuestro Señor.

San Isidro Labrador
Anverso

Reverso

COLECCIÓN DE FOTOGRAFÍAS
X. M. González Reboredo



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



1- Vista do templo de Raxó un día ordinario.



2- Fieis agardando o comezo da misa da novena , día 9-VI-2022.



3. Fieis asistindo a misa na tarde do 11-VI-2022.



4- Adquirindo cirios e colocándoos acesos. 12-VI-2022.



5- Devotos no interior do templo. 12-VI-2022.



6-Imaxe da San Cidre. 11-VI-2022.



7-Imaxe de Santa María da Cabeza rodeada de exvotos de cera. 11-VI-2022.



8- Un devoto tocando unha estampa na imaxe. 11-VI-2022.



8bis- Unha devota tocando unha estampa na imaxe. 11-VI-2022.



9- Posto de venda de velas, cirios e exvotos de cera. 12-VI-2022.



10- Devotos collendo auga da fonte. 12-VI-2022.



11- Muller persignándose na fonte. 11-VI-2022.



12- Vista do ramo. 12-VI-2022



13- Procepción. 12-VI- 2022.



14- Santa María da cabeza levada por mulleres. Detrás o ramo. 12-VI-2022.



15- Procepción comezando o retorno arredor dun cruceiro. 12-VI-2022



16- Postos de venda de produtos diversos. 12-VI-2022.



17- Posto de venda de rosquillas. Detrás, o palco onde actúan os grupos musicais. 11-VI-2022.



18- Posto onde se pode xantar *polbo á feira* e outras viandas, acompañadas de viño e outras bebidas. 12-VI-2022.